

Ano Darwin e a divulgación da ciencia

Xosé A. Fraga

Director dos Museos Científicos Coruñeses

Cad Aten Primaria
Ano 2008
Volume 15
Páx. 86-86

Recibido para publicación en xaneiro de 2009

A conmemoración dos aniversarios do nacemento de Charles Darwin (1809) e da publicación do seu singular libro, "A orixe das especies" (1859), fan de 2009 o "Ano Darwin", unha efeméride que vai ter unha celebración mundial.

Charles Robert Darwin (Shrewsbury 1809 - Downe 1882) foi o protagonista dun descubrimento científico trascendental: a teoría da evolución biolóxica por medio da selección natural. A novidosa afirmación de que os seres vivos actuais, incluído o ser humano, proceden doutros anteriores, dos que se orixinaron por mor de mecanismos naturais, revolucionou a ciencia e abriu novos campos de coñecemento. Poucos científicos como o naturalista inglés teñen influído tanto na explicación do noso lugar no universo.

Os *Museos Científicos Coruñeses* (=mc2) imos participar activamente no Ano Darwin. As actividades previstas abranguen, entre outras, un programa específico no planetario da Casa das Ciencias, publicacións, encontros, novos contidos da páxina web e adecuación ao tema evolutivo de diversos módulos expositivos na *Domus* e *Aquarium Finisterrae*. A todo iso sumaremos a intervención "estrela", unha exposición, na Casa das Ciencias, sobre o propio naturalista inglés: "O asombro de Mr. Darwin". Tentaremos explicar a vivencia do mozo atraído polo coñecemento e disfrute da natureza e enfeitizado polo que observou na súa singular viaxe. E tamén a do home que

construíu unha teoría revolucionaria, conmovido pola consciencia da súa transcendencia e impacto. Un asombro intelixente que foi parello coa aplicación dunha metodoloxía científica, amosando – asemade – o aspecto creativo da ciencia, un estimulante camiño de preguntas e respostas.

De xeito parello a esa celebración darwinián, desde os Museos queremos avanzar no diálogo coa sociedade. Unha conversa que pasa por espallar novidades científicas, por reflexionar sobre o papel da ciencia na sociedade, pero, tamén, por recoller as inqedanzas e propostas de persoas e colectivos interesados e/ou relacionados co feito científico nun sentido amplo.

Refrírome, por exemplo, ao colectivo formado por profesionais da Sanidade. Persoas que deben atopar na programación dos Museos atención a parte das súas preocupacións científicas. E algunha das actividades propostas pode encaixar nesa perspectiva. Tal é o caso, por exemplo, da celebración do 75 aniversario da morte do que foi, probablemente, o médico galego cunha obra científica máis salientable: Roberto Nóvoa Santos. Asemade, os Museos Científicos Coruñeses (=mc2) podemos ser a institución idónea para presentar á sociedade iniciativas valiosas e sólidos equipos de investigación da área biomédica. Sí, utilizar a nosa institución como unha fiestra para acceder a valiosas iniciativas que merecen ser coñecidas polo público.